

CONCELLO DA CAPELA

As Neves, 46-A □ 15613 A Capela

Teléfono: 981 459 006 □ Telefax: 981 459 371

E. electrónico: correo@acapela.es

Web: www.concellodacapela.es

Manuel Meizoso López (1 para 2)

Alcalde
Data de Sinatura: 18/04/2019
HASH: 99e2b22b03e3272744b8aa9ac4c09b4d

ACTA DA SESIÓN DE CARÁCTER EXTRAORDINARIO-URXENTE REALIZADA POLO PLENO MUNICIPAL EN DATA 15 DE ABRIL DE 2019

ASISTENTES:

Presidente:

D. MANUEL MEIZOSO LOPEZ

CONCELLEIROS:

D. ANTONIO RODRIGUEZ MEIZOSO

D. JAIME BARCIA RODRIGUEZ

D. EMILIO RIOBO PIÑÓN

DNA. MARIA IBERA TEIJEIRO SANJUAN

D. DAVID RODRIGUEZ SANMARTIN

D. SANTIAGO MEIZOSO PERMUY

SECRETARIO-ACCIDENTAL:

D. JESÚS FRANCO RODRÍGUEZ

No Salón de sesión desta Casa do Concello da Capela (habilitada), provincia da Coruña, sendo as dez horas, do día quince de abril de dous mil dezanove, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. Manuel Meizoso López, reúnense os Sres/a. Concelleiros/a. que se relacionan na marxe, asistidos do Secretario da Corporación, coa finalidade de realizar a sesión convocada para o día de hoxe.

Disculpa a súa asistencia o Sr. Concelleiro D. Marcos Rodríguez Calvo.

Non asiste á sesión a Concelleira Dna. Laura Piñeiro Montes.

Jesús Franco Rodríguez (2 para 2)

Secretario Accidental
Data de Sinatura: 16/04/2019
HASH: 99e2b22b03e3272744b8aa9ac4c09b4d

I.- RATIFICACIÓN DA URXENCIA DA SESIÓN. ACORDO QUE PROCEDA.

Dase conta polo Sr. Alcalde-Presidente ó Pleno da Corporación de que o motivo da convocatoria urxente débese a resolución definitiva de varias subvencións concedidas pola Deputación Provincial da Coruña para o exercicio 2019, o que motiva o cambio en algunhas partidas presupostarias para poder proceder a contratación do persoal concedido ó abeiro das mesmas.

Sometido o asunto a votación o Pleno da Corporación por maioría de votos (6 votos a favor dos Sres/a. Concelleiros/a. dos Grupos Municipais do PSdeG-PSOE e de AIAC e a abstención do Sr. Concelleiro do Grupo Mixto-PP) aprecia e ratifica a urxencia da sesión.

II.- LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESION ANTERIOR DE DATA 1 DE ABRIL DE 2019. APROBACIÓN. ACORDO QUE PROCEDA.


Aberta a sesión pola Presidencia solicítase dos Sres./a. Concelleiros/a. asistente á sesión, se desexan formular algún tipo de alegación ou observación á acta da sesión anterior de data un de abril de dous mil dezanove.

ACTA DO PLENO

Número: 2019-0005 Data: 16/04/2019



Cod. Validación: KEDZ5N5E5WAYTQZ394R4QNSL | Corrección: <http://concellodacapela.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 4



CONCELLO DA CAPELA

As Neves, 46-A □ 15613 A Capela

Teléfono: 981 459 006 □ Telefax: 981 459 371

E. electrónico: correo@acapela.es

Web: www.concellodacapela.es

Sometido o asunto a votación o Pleno da Corporación por maioría de votos (6 votos a favor dos Sres/a. Concelleiros/a. dos Grupos Municipais do PSdeG-PSOE e de AIAC e a abstención do Sr. Concelleiro do Grupo Mixto-PP) aproba a acta da sesión anterior.

III.- EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS Nº 4/2019 (147/2019 GESTIONA). APROBACIÓN. ACORDO QUE PROCEDA.

Dase conta o Pleno do Concello polo Sr. Alcalde-Presidente da redacción do expediente de modificación de créditos Nº 4/2019 (Expte. 147/2019 de gestiona), por un total de sesenta mil cento cincuenta e un euros con noventa e catro céntimos de euro (60.151,94 €), pola modalidade de xeración e suplemento de créditos financiado con novos ingresos e transferencias doutras partidas presupostarias.

Os programas e subvencións concedidos pola Deputación Provincial son os seguintes:

- PIL (Programa de Integración Laboral 2019), a cantidade de vinte e catro mil setenta e nove euros con oitenta céntimos de euro (24.079,80 €)
- Rede Cultural 2019, a cantidade de trece mil setecentos noventa e un euros con setenta e cinco céntimos de euro (13.791,75 €)
- Técnico Deportivo 2019, a cantidade de once mil cincocentos euros con trinta e nove céntimos de euro (11.500,39 €)
- Contratación de persoal para o Portal de entrada ás Fragas do Eume, a cantidade de dez mil setecentos oitenta euros (10.780,00 €).

Toma a palabra o Concelleiro do Grupo Municipal de AIAC, D. David Rodríguez Sanmartín preguntando como se van a levar a cabo as contratacións; respostándolle o Sr. Alcalde-Presidente que o Programa PIL será como sempre a través do Servizo Galego de Colocación e Emprego, a Rede Cultural son os grupos que se solicitan a Deputación Provincial, o Técnico Deportivo faráse con petición a tres empresas e o persoal para o Portal de entrada ás Fragas do Eume por procedemento aberto.

Pregunta de novo o Concelleiro do Grupo Municipal de AIAC, D. David Rodríguez Sanmartín que tempo estarán contratados os traballadores do PIL, o Técnico Deportivo e o persoal para o Portal de entradas ás Fragas do Eume.


Respóstalle o Sr. Alcalde-Presidente que os traballadores do Programa PIL estarán contratados do mesmo xeito que se veu facendo nos derradeiros anos, o Técnico Deportivo será ata finais de ano e o persoal para a atención o Portal de entrada ás Fragas do Eume será ata finais de outubro de 2019.

ACTA DO PLENO

Número: 2019-0005 Data: 16/04/2019



Cod. Validación: KEDZ5HNS5EWA7YC5Z9HF4QNSL | Corrección: <http://concellodacapela.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 4



CONCELLO DA CAPELA

As Neves, 46-A □ 15613 A Capela

Teléfono: 981 459 006 □ Telefax: 981 459 371

E. electrónico: correo@acapela.es

Web: www.concellodacapela.es

Polo voceiro do Grupo Mixto-PP, D. Santiago Meizoso Permuy dise que o persoal para o Portal de entrada ás Fragas do Eume xa iba ser contratado para esta Semana Santa, pero a día de hoxe non está. Resposta o Sr. Alcalde-Presidente que xa en anos anteriores a Xunta quedou de enviar un técnico de turismo para prestar dito servizo; pero que si o fai este ano renunciarase a subvención concedida pola Deputación Provincial para este mesmo fin. Reitera D. Santiago Meizoso Permuy que sería importante e do seu agrado que a Xunta aportara persoal para este cometido.

Sometido o asunto a votación o Pleno da Corporación por maioría de votos (6 votos a favor dos Sres/a. Concelleiros/a. dos Grupos Municipais do PSdeG-PSOE e de AIAC e a abstención do Sr. Concelleiro do Grupo Mixto-PP) adopta o seguinte acordo:


1º.-Aprobar o expediente de modificación de créditos Nº 4/2019, de acordo co seguinte cadro:

| CAPITULO | CONSIGNACION ANTERIOR | SUPLEMENTOS | XERACION DE CRÉDITOS | TRANSFERENCIAS DE CRÉDITOS | TOTAL CONSIGNACION RESULTANTE |
|---|-----------------------|--------------------|----------------------|----------------------------|-------------------------------|
| I Gastos de persoal | 374.059,72 € | | 34.259,80 € | | 408.319,52 € |
| II Gastos en bens correntes | 738.406,50 € | 25.292,14 € | 730,00 € | -3.680,08 € +3.680,00 € | 764.428,64 € |
| III Gastos financeiros | 0,00 € | | | | 0,00 € |
| IV Transferencias correntes | 27.300,00 € | | | | 27.300,00 € |
| V Fondo de continxencia e outros imprevistos | 0,00 € | | | | 0,00 € |
| VI Investimentos reais | 130.233,78 € | | | | 130.233,78 € |
| VII Transf. de capital | 0,00 € | | | | 0,00 € |
| VIII Activos financeiros | 0,00 € | | | | 0,00 € |
| IX Pasivo financeiros | 0,00 € | | | | 0,00 € |
| TOTAL | 1.270.000,00 € | 25.292,14 € | 34.989,80 € | 0,00 € | 1.330.281,94 € |

2º.-Que se continúe coa tramitación do expediente con exposición ao público no Boletín Oficial da Provincia e Taboleiro de Anuncios do Concello, polo prazo de quince días hábiles a efectos de reclamacións.

3º.-Que no suposto de non presentarse reclamacións contra o mesmo considerárase definitivamente aprobado debendo cumprirse o trámite de publicación definitiva no Boletín Oficial da Provincia.





CONCELLO DA CAPELA

As Neves, 46-A □ 15613 A Capela

Teléfono: 981 459 006 □ Telefax: 981 459 371

E. electrónico: correo@acapela.es

Web: www.concellodacapela.es

E xá que non hai máis asuntos sobre os cales deliberar o Sr. Alcalde dá por rematada a sesión sendo as dez horas e vinte minutos, de todo o cal eu, Secretario, dou fé, todo elo coas reservas do artigo 206 do ROF.

O alcalde-presidente,

Manuel Meizoso López

O Secretario-Accidental,

Jesús Franco Rodríguez

ACTA DO PLENO

Número: 2019-0005 Data: 16/04/2019



Cod. Validación: KEDZ5HNS5WAYTQ5ZQ3HF4QNSL | Corrección: <http://concellodacapela.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 4